



## RESOLUCIÓN DO 11 DE MARZO DE 2025 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DAS BOLSAS DE PERSOAL INTERINO DO CORPO DE MÉDICOS FORENSES AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA CONVOCADAS POLA ORDE DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DO 2 DE SETEMBRO DE 2024

En cumprimento co disposto no artigo 22 da Orde do 2 de setembro de 2024 pola que se establece o procedemento de selección e nomeamento de persoal interino do corpo de médicos forenses e se convoca a correspondente bolsa, que di:

*"1. Unha vez publicada a lista definitiva, calquera persoa interesada poderá presentar a súa solicitude de integración na bolsa.*

*2. As persoas interesadas deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 15 no momento da presentación da súa solicitude, que se presentará a través da OPAX conforme o recollido no artigo 16 desta orde.*

*3. Unha vez recibida a solicitude, a dirección xeral con competencias en materia de xustiza examinará o cumprimento dos requisitos e baremará a solicitude segundo o recollido no artigo 19. Neste caso, os méritos valoraranse á data da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia ou á data da última actualización de méritos realizada."*

Unha vez vistas as solicitudes recibidas de integración na bolsa vixente e baremados os méritos acreditados polas novas persoas aspirantes,

### RESOLVO:

1.- Aprobar a listaxe provisional de novas persoas aspirantes admitidas e excluídas das bolsas de persoal interino do corpo de médicos forenses, así como a súa baremación provisional, e acordar a súa publicación no sitio web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais na intranet de Xustiza.

2.- Os/as interesados/as terán dez días hábiles a partir da súa publicación para presentar as alegacións que consideren pertinentes utilizando o formulario electrónico dispoñible na aplicación informática, presentación que se deberá realizar de acordo co disposto no artigo 17 da Orde do 2 de setembro de 2024.

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

